

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE NOVEMBRO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/2328/2009.- Daniel Liste Bellón. Edificación auxiliar para garaxe.

LIC/2214/2009.- M. Pilar Castro Mouriño. Rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en Piñeiro do Eixo, 19.

DENEGADAS.-

LIC/1578/2010.- María del Carmen Nieves Seoane. Alpendre no Lugar do Eixo de Abaixo, 8.

PARCELACIONES.-

LIC/2103/2010.- Martelo Cao, María Jesús.- Parcelación urbanística, previa agrupación das parcelas existentes na rúa de Muros, 111. (+)

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

1048/10.- Pereira Rama, Antonio.....	LIC/1363/2008.....	1.500€
1047/10.- Bello Castiñeiras, M. Dolores.....	LIC/1047/2003.....	1.500 €
2219/10.- Sangiao Domínguez, José Alejandro	LIC/349/2008.....	1.500€
2219/10.- Sangiao Domínguez, José Alejandro	LIC/349/2008.....	3.000 €
2228/10.- García Casas, J. María.....	LIC/2380/2003.....	3.000 €
2235/10.- Vieito Liñares, María	LIC/1811/2008.....	1.500 €
2241/10.- Casero Herrera, Rafaela Carmen	LIC/129/2007.....	1.000 €
2245/10.- Promosan Galicia, SL	LIC/1606/2006.....	2.000 €
2247/10.- Promosan Galicia, SL	LIC/1837/2010.....	18.000 €

OCIHR

LICENZAS

LIC/1984/2008.- CONSELLERÍA DE SANIDADE E ASISTENCIA SANITARIA.- Subsanación do acordo da XGL do 26 de outubro de 2010 para facer constar que a contía da fianza é de 125.000€.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

LIC/666/2010.- COMUNIDADE DE MADRES BENEDICTINAS DE SAN PAIO DE ANTEALTARES.- Devolución da fianza depositada en garantía da licenza de rehabilitación de renovación de cubertas no convento benedictinas San Paio (LIC/690/2009) . O importe da fianza é 1.500€.

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbese unha axuda por importe de 300 euros.

6.- Autorización da redacción do proxecto Modificado do de Construción de Campo Fútbol en Santa María de Villestro, incluída no FES 2010.

Autorízase a redacción dun proxecto modificado ao proxecto básico e de execución mencionado.

7.- Adxudicación do servizo de Dirección facultativa media e Coordinación de seguridade e saúde das obras de Construción dunha Escola Infantil en Salgueiriños.

Adxudícase o servizo de referencia a Antonio Jorge González por importe de 21.216,4 euros.

8.- Adxudicación do Servizo de Dirección facultativa superior, dirección media e coordinación de seguridade e saúde das obras de ampliación do Refuxio de Animais.

Adxudícase o servizo de referencia a Pablo Costa Buján por importe de 12.862 euros.

9.- Aprobación do proxecto modificado nº 2 do de Reurbanización da rúa San Clemente (2º tramo da rúa Raxoi).

Apróbase o proxecto modificado da reurbanización da rúa San Clemente (2º tramo da rúa Raxoi) por un importe de 741.174,62 euros, o que representa unha redución de 17.684,72 euros con respecto ao proxecto inicial. Adxudícase á empresa JESÚS MARTÍNEZ ALVAREZ CONSTRUCCIONES SA, adxudicataria da obra principal.

10.- Adxudicación das obras de desbroce de maleza por medios naturais, retirada e limpeza de residuos e protección do Camiño de Santiago.

Adxudícanse os traballos á empresa CESPAS, SA, por importe de 23.658,56 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación da prestación do servizo de Comunicación Web para o proxecto denominado Park Atlantic do programa de cooperación territorial espazo atlántico europeo.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e técnicas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 55.550 euros.

12.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación da prestación do servizo de Secretaría técnica para o proxecto denominado "Park Atlantic" do programa de cooperación territorial espazo atlántico europeo.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e técnicas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 67.000 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á adxudicación definitiva do contrato de deseño, desenvolvemento, suministro e instalación dos recursos interpretativos e expositivos para a musealización do Centro de Interpretación do medio urbano e natural de Santiago.

Adxudícase definitivamente o contrato á empresa TERRANOVA INTERPRETACIÓN Y GESTIÓN AMBIENTAL, SL, por un importe de 199.999,99 euros.

14.- Proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá relativa á adxudicación provisional do suministro de uniformidade para a Policía Local.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia ás empresas que a continuación se relacionan, en función dos diferentes lotes:

LOTE I: prendas de confección a medida.- EL CORTE INGLÉS, SA- 94.900,80 euros.

LOTE II: accesorios- EL CORTE INGLÉS, SA - 5.247,23 euros

LOTE III: calzado – COMPOL, SL – 7.788 euros

LOTE IV: cascos semiintegrals para motoristas: COMPOL, SL – 2.551,16 euros.

15.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación para o arrendamento de carrozas para a Cabalgata de Reis 2011.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 35.850 euros.

16 a 52.- IIVTNU (Plusvalía): solicitude de beneficios fiscais.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

53.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación dun recurso de reposición interposto contra o Imposto sobre Bens Inmóveis.

Estímase un recurso.

54.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á liberación de crédito por mor da concesión de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial 2010, nunha partida orzamentaria.

Acórdase a liberación do crédito remanente por importe de 12.041,03 euros.

55.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o Concello e a Escudería Compostela para 2010.

Apróbase o devandito convenio, en virtude do cal o Concello achega 12.000 euros.

56.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o Concello e o Clube Arteal Tennis de Mesa para 2010.

Apróbase o devandito convenio, en virtude do cal o Concello achega 13.000 euros.

57.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o Concello e o Clube Baloncesto Pío XII para 2010.

Apróbase o devandito convenio, en virtude do cal o Concello achega 28.000 euros.

58.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o Concello e o Club Triatlón Bricosa para 2010.

Apróbase o devandito convenio, en virtude do cal o Concello achega 12.000 euros.

59.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á ratificación de diversos concelleiros como representantes municipais na rede de Centros de Santiago.

Ratifícanse os representantes municipais nos centros de primaria e infantil aprobados pola Xunta de Goberno do 9 de xullo de 2007 e do 7 de xullo de 2008.

60.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á aprobación da primeira xustificación parcial do convenio entre o Concello e INCOLSA para o deseño e execución de actuacións de atención e promoción turística 2010.

Apróbase a primeira xustificación parcial da execución do devandito convenio por importe de 743.425,05 euros.

61.- Proposta da concelleira delegada de Participación Cidadá relativa á concesión inicial de subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro para programas e actividades de interese xeral e sectorial e mantemento de equipamentos para 2010.

Concédense subvencións a un total de 43 asociacións por importe de 64.950 euros.

62.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á posta a disposición dos terreos incluídos no proxecto actualizado do mellora de seguridade vial na DP 7803 Santiago a Figueiras senda peatonal. (Santiago).

Acórdase poñer a disposición da Deputación Provincial da Coruña os terreos públicos municipais afectados en toda a extensión e alcance dos traballos incluídos no citado proxecto.

63.- Aprobación do orzamento de TRALUSA 2010 e regularización de pagos a conta.

Apróbase o devandito orzamento cuns gastos de 6.259.929,82 euros, uns ingresos de 3.297.062,46 euros e un déficit previsto de 2.962.867,36 euros.

64.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á modificación do plan de formación continua do Concello do ano 2010.

Modifícase o devandito plan.

65.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á solicitude dunha subvención á Consellería de Traballo e Benestar para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local.

Acórdase solicitar a devandita subvención, que supón o 80% dos custos salariais totais dun axente de emprego e desenvolvemento local.

66.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva da conta de liquidación definitiva da rúa da Queimada.

Apróbase definitivamente a conta de liquidación definitiva da rúa da Queimada cun saldo bruto total de 235.279,17 euros e un saldo neto total de 44.044,34 euros.

67.- Aprobación do proxecto de mellora dos accesos ao SUNP-4. Camiño Francés.

Apróbase inicialmente o devandito proxecto, que será sometido a información pública polo prazo de 20 días.

68.- Dar conta da concesión dunha subvención ao Concello para as escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas.

Dáse conta da subvención concedida pola Xunta por importe de 30.302,89 euros para cada unha das escolas mencionadas.

69.- Dar conta da conformidade do Concello coas obras de renovación e modernización das instalacións de alumeado no cuartelillo da policía local, para reducir o consumo enerxético, incluídas no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local 2010.

Dáse conta da conformidade do Concello coas devanditas obras, realizadas por DAVIÑA, SL, de acordo ao establecido nos pregos de contratación.

70.- Dar conta da conformidade do Concello coa execución das obras de instalación dunha estación para a recarga de autobuses eléctricos na dársena de Xoán XXIII incluídas no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local 2010.

Dáse conta da conformidade do Concello coas devanditas obras, realizadas por JOSCON CONSTRUCCIONES, SL, de acordo ao establecido nos pregos de contratación.

71.- Dar conta da concesión dunha subvención pola Deputación provincial para o programa de "Acción Educativa na rúa", e liberación da retención de crédito efectuada.

Dáse conta da subvención por importe de 38.485,22 euros.

72.- Dar conta de diversos convenios con entidades de carácter social.

Dáse conta dos convenios asinados coa ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, FUNDACIÓN MONTE DO GOZO-PROXECTO HOME, ASOCIACIÓN ITÍNERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL, ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS.

73.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Deputación de A Coruña para financiamento do proxecto FORUM GASTRONÓMICO.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio polo que a Deputación achega 150.000 euros.